

MAGOSTO, 8



CATRO TEXTOS PARA O MAGOSTO, DE JACOBO FERNÁNDEZ



UN CARTEL NO RÍO SESÍN, A CAPELA (A CORUÑA)



ANDAN OS PAXAROS... DE FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN



OS MARCAPÁXINAS DO OUTONO

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (A Coruña)
CEIP J. FERNÁNDEZ LATORRE (A Coruña)
CEIP LUÍS SEDANE, de OLEIROS (A Coruña)
CEIP PLURILINGÜE de CARNOTA (A Coruña)
CEIP PLURILINGÜE M. MURGUÍA, de FEÁNS (A Coruña)
CEIP PLURILINGÜE MOSTEIRÓN, de SADA (A Coruña)
CEIP RAMÓN DE LA SAGRA (A Coruña)
CEIP R. OTERO PEDRAYO, de A LARACHA (A Coruña)
CEIP SALGADO TORRES (A CORUÑA)
CPR SAN PÍO X (Ourense)



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



O MAGOSTO, CATRO TEXTOS

JACOBO FERNÁNDEZ



O MAGOSTO

JACOBO FERNÁNDEZ

TEXTO: ALUMNA DE 6ºA.

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA. A CORUÑA

TEXTO

1




Hai xa algún tempo, unha familia foi ao bosque a apañar castañas e usaron un paxe e uns cornetes para almacenalas.



Despois de estar apañando castañas entroulles fame pero atoparon un tren de castañas e mercaron un queixo do país.



Logo, o neno pequeno do carriño pinchouse cun ourizo e comezou a chorar. Escoitouno o gaiteiro e, para consolalo, comezou a tocar.



Máis tarde, cando o neno deixou de chorar, a familia convidou ao gaiteiro a comer castañas con eles e así quedaron: todos xuntos e felices.

QUE LEMBRAS DO TEXTO DO MAGOSTO?

1. A que foi a familia ao bosque?

2.- Que dúas cousas usaron para almacenar as castañas?

3. Que mercaron cando lles entrou a fame? Colorea.

Un chourizo

Unha troita

Mazás

Un queixo

Un repolo

Un iogurt

4. Con que se pinchou o neno pequeno do carriño?

5. E que fixo cando se pinchou?

6. E o gaiteiro, para consolalo, que fixo?

7. A quen convidou a familia a comer castañas? Por que o convidaron?

8.- Que froito é o que se come na festa do magosto?



O MAGOSTO

JACOBO FERNÁNDEZ

TEXTO: ALUMNO DE 6ºB.

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA. A CORUÑA

TEXTO

2




A familia de Héctor foi pasar un día de romaxe. El e a súa curmá apañaban ourizos e as súas irmás, Sonia e María, axudaban a asar castañas ao avó mentres os demais facían fotos.



A súa avoa, coas castañas do paxe, atendía o tren das castañas para vender os cornetes, mentres os veciños vendían o queixo.




Pola noite a xente bailou ao son do gaiteiro e cearon en familia.



Foi o mellor magosto da miña vida!

O ENCRUCILLADO DO MAGOSTO?

Resolve o encrucillado con palabras que aparecen no conto.



HORIZONTAIS

1. Papeis enrolados con forma de cono que serven para envasar castañas ou outros froitos.
2. Festa tradicional na que se comen castañas.
3. Froitos comestibles do castiñeiro.
4. Persoa que toca a gaita.
5. Casca exterior con espiñas que contén as castañas do castiñeiro.
6. O que estaban facendo os veciños mentres Héctor e a súa curmá apañaban castañas.
7. Nome do protagonista do conto.
8. Nai dos pais dunha persoa.

1. CORNETES 2. MAGOSTO 3. CASTAÑAS 4. GAITERO 5. OURIZO 6. FOTOS 7. HÉCTOR 8. AVOA



O MAGOSTO

JACOBO FERNÁNDEZ

TEXTO: ALUMNA DE 6ºB.

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA. A CORUÑA

TEXTO

3




Na provincia de Ourense existía un pobo moi coñecido polos seus magostos. A súa xente xuntábase nun souto ás aforas do pobo.



Ao magosto acudía xente de todas as idades. Os nenos xogaban cos ourizos mentres os maiores rían entre eles. O alcalde levou o tren de castañas.



Os gaiteiros tocaban música da terra e a xente bailaba feliz. Á tardiña sentáronse todos na mesa a cear.



Os veciños repartían castañas que levaban no paxe e cornetes cheos tamén de castañas asadas. Na mesa corría o viño e o queixo. Todo era unha auténtica ledicia!

A SOPA DE LETRAS DO MAGOSTO

Localiza nesta sopa de letras do magosto as palabras do conto que aparecen no recadro, pero hai unha que non está. Cal é?. Arrodeáa.

**OURENSE MAGOSTO SOUTO GAITEIROS
MÚSICA CORNETES VIÑO OURIZO PAXE
ALCALDE CASTAÑAS TARDIÑA QUEIXO**

A	H	S	Ñ	Q	G	V	O	P	E	U	G
S	R	O	I	D	C	M	U	S	I	C	A
H	O	U	R	E	N	S	E	O	T	L	I
Z	P	T	T	M	E	Ñ	Q	I	T	G	T
F	C	O	R	N	E	T	E	S	A	O	E
M	D	A	L	I	R	B	P	Ñ	R	Z	I
A	L	C	A	L	D	E	H	C	D	N	R
G	R	U	Q	H	P	S	T	N	I	E	O
O	G	P	F	C	A	S	T	A	Ñ	A	S
S	Ñ	O	E	L	X	H	R	Ñ	A	S	F
T	A	I	Q	U	E	I	X	O	U	Q	D
O	U	R	I	Z	O	P	T	A	C	V	O

Fai unha oración utilizando dúas palabras das que figuran no recadro.



ANDAN OS PAXAROS...

FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN

Andan os paxaros...

Andan os paxaros,
co medo, a chiar...
(Do Xapón, mandaron
castiros ananos
para que os nenos poidan
os niños pillar
sen rubir ás gallas,
sen engateñar,
sen rachar as calzas...
dende o mesmo chan!)
Andan os paxaros,
co medo, a chiar.


Florencio Manuel Delgado Gurriarán
Castiñeiros. Galicia infinda



LEMBRAS O TEXTO?

Colorea as respostas verdadeiras.

1. Por que chían os paxaros?



2. De onde trouxeron os castiros?




3. Que outro nome teñen os castiros?



4. Que poden pillar os nenos sen rubir ás gallas e sen engateñar?



5.- De que tamaño son os castiros que viñeron do Xapón?



CADA PALABRA CO SEU SIGNIFICADO

Une e colorea da mesma cor a palabra e o seu significado.

chiar	■	■	Subir a un lugar, valéndose das mans e das pernas.
gallas	■	■	Árbore que ten como froito ourizos que conteñen as castañas.
rubir	■	■	Alcanzar e agarrar.
niños	■	■	De tamaño moi pequeno.
calzas	■	■	Subir por un lugar coma os gatos, axudándose dos pés e das mans.
castiro	■	■	Emitir a súa voz o paxaro.
pillar	■	■	Pezas de vestir que cobren desde o pé ata o xeonllo ou a coxa.
engateñar	■	■	Romper unha cousa tirando dela ou exercendo sobre ela unha forza.
anano	■	■	Cada unha das partes que saen do toro das árbores.
rachar	■	■	Construcións que fan as aves para poñeren os ovos e criaren.

A SOPA DE LETRAS


Localiza nesta sopa de letras as palabras da poesía de Florencio Manuel Delgado Gurriarán que aparecen á dereita.



MEDO
 CHIAR
 GALLAS
 XAPÓN
 NENOS
 NIÑOS
 CALZAS
 PAXAROS
 RUBIR
 CHAN
 ENGATEÑAR
 ANANOS
 CASTIROS

CANTAS CASTAÑAS HAI?

Localiza as castañas que hai neste rebumbio, pinta cada unha dunha cor diferente e pinta de vermello a resposta verdadeira.




7	8
SETE	OITO
10	12
DEZ	DOCE
9	4
NOVE	CATRO
	11
	ONCE

AS PARTES DO CASTIRO

Completa utilizando os nomes do recadro. Colorea.

GALLA OURIZO CASTAÑA FOLLA TRONCO CHAN



O CONTO DO CASTIRO



Fai un conto no que aparezan as seis palabras da actividade anterior.

Érase unha vez nun souto...

O QUEBRACABEZAS DO CASTIRO

Recorta as pezas do quebracabezas, monta e pinta o debuxo de Xaime Prada.

CASTIÑEIRO, de Xaime Prada.





UN CARTEL NO RÍO SESÍN

**PARQUE ETNOGRÁFICO DO RÍO SESÍN,
A CAPELA (A CORUÑA)**

O SOUTELO

No outono os castiñeiros liberan os seus froitos; é tempo de rozar os soutos e preparar as corripas. A finais de outubro -sempre antes de defuntos- facíase o SOUTELO.

O día que se dispón báixase moi cedo en grupos cara ós soutos.


*Castañiñas, castañiñas,
castañiñas do soutelo,
por culpa das castañas
comín o almorzo cedo.*

Escudábanse os castiñeiros con varas, recollíanse as castañas que soltaban (*as degradas*) e os ourizos que non regañaban apañábanse cunhas pinzas feitas de varas de carballo (*as colledoiras*) e levábanse en paxes á corripa; cando ficaba chea, tapábase con batumada (felgos, follas,...) para que curtiran.

Pasados uns vinte días volvíase ao souto para facer a peteleira: destapábase a corripa e sacábanse pola porta os ourizos que, se non estaban abertos, eran golpeados cun pau cun guiche (*o petelo*) para que soltaran as castañas.

Cargábase a colleita en sacos e transportábase para a casa.

As que non se consumían axiña colocábanse no caínzo da lareira para secar (*as garulas*).



**Cartel do Parque Etnográfico do río Sesín
A Capela (A Coruña)**

QUE LEMBRAS DO TEXTO?

1. En que época do ano liberan os castiñeiros os seus froitos?

2.- O soutelo é unha xuntanza para recoller castañas. Cando se fai?

3. En que lugar se fai o soutelo? Pinta.

No piñeiral

No souto

Na carballeira

Na camposa

Na fraga

No salgueiral

4. Como se chaman as castañas que soltan os ourizos dos castiñeiros?


5. Para que serven as colledoiras? De que madeira están feitas?

6. Para que se tapaba a corripa coa batumada?

7. Coloca cada letra onde lle corresponda e saberás o nome dun martelo de pau que se utiliza para abrir os ourizos e poder extraer as castañas.


E ▶ □
L ▶ ▨
O ▶ ⬡

T ▶ ⊕
P ▶ ▲



O ENCRUCILLADO DO MAGOSTO

Completa o encrucillado con palabras relacionadas co magosto e que aparecen no texto do Soutelo.




HORIZONTAIS

1. Terreo poboado de castiñeiros.
2. Lugar onde se botan os ourizos que se poñen a secar para que solten as castañas con facilidade.
3. Castañas secas e sen casca que se gardan moito tempo.
4. Conxunto de vexetais, como fentos, follas, toxos etc., que se utilizan para tapar a corripa.
5. Castañas que se soltan soas dos ourizos.
6. Martelo lixeiro de pau, para abrir os ourizos e poder extraer as castañas.
7. Pinzas de pau con que se collen e abren os ourizos para tirarlles as castañas.

1. SOUTO 2. CORRIPA 3. GARULAS 4. BATUMADA 5. DEGRADAS 6. PETELO 7. COLLEDOIRAS

QUE CAMIÑO COLLEMOS PARA FACER O SOUTELO?

Marca o camiño que ten que seguir a rapazada para facer o soutelo e apañar as castañas. Pinta.



O CREBACABEZAS DOS OURIZOS



Recorta e monta este crebacabezas. Pinta.





DEZ MARCAPÁXINAS DO OUTONO

MANOLO PAZ


OS MARCAPÁXINAS DO OUTONO 1

Colorea e recorta os marcapáxinas das améndoas e o outono.



OS MARCAPÁXINAS DO OUTONO 2

Colorea e recorta os marcapáxinas das abelás e as mazás.




OS MARCAPÁXINAS DO OUTONO 3

Colorea e recorta os marcapáxinas das cabazas e as castañas.



OS MARCAPÁXINAS DO OUTONO 4

Colorea e recorta os marcapáxinas das piñas e as noces.



OS MARCAPÁXINAS DO OUTONO 5

Colorea e recorta os marcapáxinas das landras e as uvas.

